

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación

ITINERARIO DE INTERPRETACIÓN

Percusión

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1

Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía.....	4
3.	Atención á diversidade.....	9
4.	Temas transversais.....	10
	4.1 Educación en valores.....	10
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.....	10
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	11
6.	Secuenciación do curso.....	12
	6.1 Curso: 6º de Grao Profesional.....	12
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	19
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	20
9.	ANEXOS.....	22
	9.1 Probas Extraordinarias.....	23

1. Introducción

O itinerario de interpretación pretende dotar ó alumnado dunha base teórico-práctica en que se abordan os aspectos que, en relación coa innegable carga en destrezas técnico-físicas que integran os estudos profesionais de música, inciden nas posibilidades de realización musical que se deron nos repertorios ó longo do século XX.

Xa que logo, o coñecemento da tradición interpretativa resulta vital para o músico que encamiñe a súa traxectoria futura como intérprete, e este coñecemento pasa necesariamente polo acceso, a análise, a comprensión e a asimilación das fontes dispoñibles, tanto as escritas como as sonoras, aínda que son estas últimas as que permiten percibir a verdadeira esencia sonora da tradición musical.

Por outro lado, as cuestións relacionadas coa posta en escena resultan igualmente do máximo interese por incidiren nun aspecto básico para ter en conta por un intérprete.

Ante todas estas consideracións previas, é evidente que a disciplina se orienta de modo específico a dotar das ferramentas necesarias para o futuro intérprete, de modo que presente o máis amplo abano de posibilidades que o catálogo de agrupacións musicais actuais ofrece ee, paralelamente, o oriente cara ás saídas profesionais relacionadas.

2. Metodoloxía

Os métodos de ensino son, en gran medida, responsabilidade do profesor, como corresponde a un currículo aberto. A autoridade educativa ofrece unhas directrices xerais encamiñadas á mellor prestación do servizo docente, as cales se concretan segundo as preferencias pedagóxicas de cada profesor. Non existe o método por excelencia, xa que a bondade dos mesmos debe considerarse en función dos resultados que consiga e na adaptación específica que cada alumno/a esixe.

A necesaria individualización do ensino supón a individualización dos métodos. Sen embargo, si que existen certos principios metodolóxicos xerais, que se derivan dos principios psicopedagóxicos sinalados antes e que deben guiar a práctica docente.

O que se pretende fundamentalmente é organizar e ordenar os contidos e actividades de ensino-aprendizaxe que se van expoñer no aula, en función dos obxectivos propostos. Sen embargo as particularidades do ensino da percusión fan que debamos falar de unidades de traballo flexibles. Nas clases individuais de percusión é necesario realizar continuas adaptacións en atención á diversidade do alumno/a, estas adaptacións son individuais, e en ocasións con carácter significativo ou non, é dicir se eliminamos ou non elementos curriculares. Ao propio tempo levaríamos a cabo actividades de reforzo e/ou ampliación en función das necesidades de cada un. Cada alumno/a ofrece un nivel de desenvolvemento psicomotor, técnico e musical diferenciado, presentando ritmos de aprendizaxe, sensibilidade musical e problemas mecánicos concretos que é necesario atender de modo particular. Os criterios metodolóxicos que incluiremos na presente programación didáctica, serán necesariamente de carácter xeral e iranse concretando en cada unha dos cursos, de acordo á natureza das actividades a realizar.

1.- Principios metodolóxicos da programación didáctica.

Segundo o decreto 203/2007 de 27 de setembro do DOG sobre os principios metodolóxicos di que: deberá promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao superior.

Os principios metodolóxicos, recollidos con carácter xeral nesta programación, serán aplicados en función de diversas variables como: os obxectivos e contidos didácticos abordados en cada curso, o tipo de actividade que se propicia, o tipo de alumno/a ao que se aplicarán segundo as súas necesidades específicas, etc. A seguir imos comentar brevemente os principios metodolóxicos máis relevantes que teremos en conta no desenvolvemento da actividade docente. No momento de aplicar estas liñas metodolóxicas, teranse en conta os criterios para a atención á diversidade, xa que cada alumno/a vai necesitar unha orientación axeitada ás súas características:

- A actividade de aprendizaxe debe implicar a posibilidade de gozar aprendendo.



- As actividades han de permitir que o alumno/a aprecie o seu grao inicial de competencia dos contidos que son obxecto de aprendizaxe.
- O profesor de ser guía e conselleiro das actividades realizadas, nunca debe impoñer un único criterio de traballo, deixando aflorar a interpretación nun plano subxectivo.
- A técnica non debe ser un fin en si mesmo, é o medio para a execución instrumental.
- Aprendizaxe funcional, a aplicación práctica do coñecemento adquirido, e a súa conexión con outras aprendizaxes para a adquisición de novos contidos e obxectivos.
- Memorización progresiva por seccións da totalidade da obra.

• ***Partir dos coñecementos previos.***

O ensino ten que partir da realidade do alumno/a, dos seus coñecementos previos e o seu desenvolvemento evolutivo, segundo as etapas de maduración mental nas que se atopan. Disto depende o que non existan disfuncións nos procesos de ensino-aprendizaxe. Non é o profesor, coa súa propia metodoloxía, senón o alumno/ao que se sitúa no centro do programa educativo. É en función das necesidades e capacidades do alumno/a que se organice todo o proceso ensino-aprendizaxe. Así pois baséase o constructivismo que entende a aprendizaxe como un proceso de reconstrución persoal de cada un dos novas aprendizaxes, de cada novo contido. Ao propio tempo, unha idea intimamente ligada ao constructivismo consiste en que o alumno/a aprenda estratexias que lle sirvan para facer novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender (principio de autonomía).

• ***Favorecer a motivación do alumno/a.***

O reforzo da motivación considérase fundamental para obter o máximo nivel de implicación do alumno/a na súa aprendizaxe. A motivación é capaz de explicar para onde diriximos as nosas accións e a enerxía coa que nos empregamos na realización dunha actividade. Desexar facer algo fai posible a súa aprendizaxe. De tal forma que se logramos que a aprendizaxe resulte pracenteiro, tamén redundará na eficacia da devandita aprendizaxe. Aínda que moitos dos factores que afectan ao grao de motivación dos alumnos/as son alleos á nosa capacidade de influencia, existen moitos outros de tipo intrínseco sobre os que si podemos intervir.

Algúns dos factores que debemos ter en conta na clase de percusión para desenvolver a motivación no alumno/a son:

1. Establecer metas que se correspondan coas capacidades reais do alumno/a, aínda que con suficiente grao de novidade e dificultade como para estimular a súa curiosidade.



2. Asexplicaciónsverbaishandetransmitirconclaridadeoquequeremosobter. Debemos descartar o uso de tópicos baleiros, xa que o alumno/a debe ter claro que é o que esperamos que realice.
3. Estimularoretodaautosuperación,orientandoamotivaciónparafactoresinternos antes que externos.
4. Desenvolveropracerdapropiaescoitaduranteainterpretación.
5. Ofrecerfrecuentementeinformaciónacercadoqueoalumno/arealiza(feedback), utilizando reforzos positivos e negativos en función de cada situación.
6. Tocardiantedoalumno/a,ofrecendoexemploemodelosdoquesepretendeobter.
7. Axudaraoalumno/ádesenvolverimaxesestéticasquelleguïennainterpretación.
8. Desenvolveractividadesenpúblico.

• **Fomentar as aprendizaxes significativas.**

É a aprendizaxe que asegura que os coñecementos adquiridos poderán ser utilizados no futuro. Cada novo coñecemento musical ou habilidade técnica conecta coa bagaxe anterior do alumno/a. O alumno/a debe polo tanto aprender a aprender, isto é, saber utilizar por si mesmo os coñecementos e habilidades adquiridos. É necesario distinguir entre o que é capaz de facer e aprender por si mesmo, e o que poida facer con axuda. Débese propiciar o desenvolvemento de estratexias cognitivas por parte do alumno/a, que consoliden a súa propia autonomía.

• **Conectar os elementos da técnica coa expresión.**

A atención aos problemas e procedementos técnicos, como algo separado da intención expresiva, só pode entenderse se fai co fin de que análise ou pola necesidade dun adestramento específico de algún dos seus aspectos. Non obstante é necesario integrar ambos extremos, transformando as simples accións mecánicas en movementos significativos, en relación ao fin musical que se pretende conseguir. Deste modo se conseguirá unificar intencións e procedementos nunha unidade de acción que pode ser asumida como propia polo alumno/a.

• **Estimular a actitude analítica para a comprensión global da obra musical.**

A capacidade cognitiva do alumno/a que ingresa no 1er curso de grao medio permite o recoñecemento e análise por separado de cada un dos elementos básicos do fenómeno musical: son, harmonía, ritmo, etc... Desde este momento é necesario orientar o estudio desde unha actitude analítica, tratando de relacionar a partitura co fenómeno musical que encerra, de acordo á época na que foi escrita.

2.- Estratexias metodolóxicas.

No deseño das estratexias didáctica non é posible atopar un modelo universal aplicable a todos os profesores e a todas as realidades educativas. A formulación de orientacións metodolóxicas debe facerse tendo en conta a súa flexibilidade á hora de levarlos á práctica.

En realidade todas elas son compatibles entre si, e a súa aplicación dependerá das características especiais dos distintos contidos a tratar, das particularidades do alumno/a e de que sexan levadas a cabo nas clases individuais ou nas colectivas. En función do seu grao de intervención do profesor, o seu grao de influencia e a súa valoración sobre o ensino en si mesma podemos distinguir diversos métodos:

• **Métodos segundo o seu grao de intervención:** a) Método didáctico, que empregamos cando o profesor di exactamente o que hai

que facer e como facelo e o alumno/a límitase a tratar de seguir as súas instrucións.

b) Método dialéctico, é o que xorde da conversa e o intercambio entre profesor e alumno/a, ben sexa verbalmente ou a través da imitación musical do que o propio profesor toque no instrumento de percusión.

• **Métodos segundo o seu grao de influencia**

a) Método impositivo, como manifestación de autoridade do profesor, é un modelo vello que só pode ter sentido en momentos puntuais.

b) Método propositivo, que é aquel polo profesor non impón senón que propón, razoando as causas e mostrando as diferencias entre distintas opcións.

c) Método expositivo, consistente en que o profesor expón ideas e conceptos necesarios e que polo tanto non necesitan da aceptación do alumno/a, senón sinxelamente da súa comprensión.

• **Métodos segundo a súa valoración sobre o ensino en si mesma**

a) método escéptico, é o que se vale da formulación de dúbidas por parte do profesor e deixa ao alumno/a que extraia as súas propias conclusións.

Método crítico, baseado na valoración do que fai o alumno/a. Probablemente é o método máis utilizado no ensino tradicional da percusión.

3.- Actividades didácticas programadas.

Nas clases individuais as actividades poden ser analizadas en:

1. Interpretación nos diferentes instrumentos de percusión polo alumno/a das tarefas asignadas: execución de exercicios técnicos e interpretación de estudos e obras.
2. Exemplificación e explicacións a cargo do profesor, que estarán orientadas por unha parte a explicar os contidos previstos en función das actividades realizadas dentro de cada curso. Por outra parte, o profesor deberá corrixir a execución, tanto en función dos aspectos de tipo técnico, como interpretativo- expresivo mediante as consignas axeitadas.
3. Outras actividades de tipo complementario, como a lectura a primeira vista ou a improvisación, escoita de audicións, busca de información, audición de concertos, etc.
4. Planificación do traballo do alumno na casa, o profesor deberá orientar ao alumno para o estudo que deberá realizar durante a semana. É conveniente que este estudo comece de forma guiada durante a clase, aclarando situacións novas, propoñendo dixitacións, exercizos de quentamento estirada, técnica, posicións, etc. En función das características das obras, das actividades previstas e das peculiaridades do alumno, tamén se darán as instrucións oportunas en relación á secuencia de traballo máis conveniente, a necesidade de realizar exercicios preparatorios (como lectura a primeira vista, técnica), o traballo da memoria, etc.

3. Atención á diversidade

O ensino da percusión require dunha constante adaptación por parte do profesor ás condicións específicas de cada alumno co fin de dar unha resposta educativa máis axeitada ás súas necesidades. É o que se denomina atención á diversidade e que no ensino da percusión pode manifestarse tanto a través das características física dos alumnos (por exemplo, a altura dun alumno), como nos seus coñecementos previos ou as distintas aptitudes que manifestas, sexan mecánicas ou expresivas. Por esta razón, no desenvolvemento das clases previstas poderán adaptarse ou engadirse as actividades diferentes que se consideren oportunas. Do mesmo modo podería cumprir retomar ou prolongar o traballo dalgún aspecto determinado ata a súa correcta asimilación. A partir da programación didáctica elaborada polo departamento, cada profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades.

Algunhas dificultades específicas adoitan arrastrarse durante anos se non se atenden axeitadamente. Delas derívanse moitos problemas que non poden ser corrixidos directamente se non se detecta a raíz. Algúns destes problemas que o profesor pode atopar nun alumno/a de grao profesional de percusión son as seguintes (a presente relación non pretende ser exhaustiva senón só unha aproximación a algúns dos problemas de tipo xeral):

- Man mal estruturada.
- Excesiva tensión na costas e ombreiros.
- Movementos parásitos en distintas partes do corpo.
- Disfuncións na articulación dos dedos da man ou do brazo dereito ou esquerdo.
- Detencións e repeticións inconscientes durante a interpretación.
- Dificultades para manter o tempo nos cambios de figuración.
- Dificultades na coordinación de ambas mans.

A problemática que presenta a diversidade de niveis dos alumnos/as maniféstase nas clases individuais. En estas, é posible realizar unha adaptación precisa. A tal fin é recomendable elaborar unha gama de distintos materiais didácticos para unha mesma actividade, graduados pola súa complexidade. No que fai á elección do repertorio e co fin de atender á diversidade, terase en conta que os mesmos contidos se poden atopar en distintos estudos e obras do repertorio. É conveniente ampliar ao máximo o abano de obras onde elixir. A elección dunhas ou outras estará en función da súa dificultade global, pero tamén se terá en conta que xunto aos contidos que se pretende traballar poderán integrarse outros novos aínda non tratados, ou remitir a outros xa superados.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

O departamento de percusión decide contribuir a dito plan mediante as seguintes actividades sempre que o tempo de clase o permita:

- Conmemoración da Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia: mes de decembro. Traballaranse na clase cancións relacionadas coa democracia e cancións do patrimonio cultural galego. - Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: mediante películas relacionadas e a súa banda sonora.
- Día da paz. Levaranse a cabo accións para conmemorar este día, sempre e cando colaboren os outros departamentos do centro.
- Semana da Prensa. Traballos no aula buscando a relación entre a música e este medio de comunicación: música nas noticias, noticias de prensa relacionadas coa música, crítica musical, música nos documentais...
- Día do Libro. Musicalización de poemas ou historias para representar. - 16 de Maio: día das letras galegas. Interpretación de pezas tradicionais galegas.
- Primeira semana de Xuño: Festival de fin de curso con interpretación de pezas musicais, coreografía e teatro, sempre que os outros departamentos do centro colaboren tamén.

Ademais da celebración destes días concretos para fomentar a educación en valores, todas estas actividades levaráanse a cabo de forma grupal, para que os alumnos aprendan a traballar coordinadamente respetando as ideas dos demais, e axudándose entre eles para promover a solidariedade, uns dos pilares dos valores sociais actuais.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación

Fomento das TIC: levarase a cabo mediante o uso dos seguintes materiais: - Utilización de soportes como DVD, equipos informáticos, instrumentos electrónicos, reprodutores MP3, MP4, ipod, etc.

- Utilización de programas informáticos de edición de partituras, montaxe de audio e vídeo (Finale, Cubase, audition, etc).
- Utilización de aparatos de gravación de sonido e imaxe.
- Utilización de programas informáticos de educación auditiva e acompañamento instrumental (earmaster, band in a box, etc).

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Na medida do posible, sempre que haxa colaboración entre departamentos e presuposto suficiente se levarán a cabo as seguintes actividades:

- Asistencia a concertos celebrados no entorno do Grove ou nalgunha cidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Celebración dalgunha actividade no patio antes da festividade de Nadal, sempre que o alumnado estea disposto a participar, pois non será obrigatorio.
- Celebración dun festival con motivo do remate do curso sempre que os demais departamentos participen tamén con actividades na súa organización.
- Actividades musicais nalgúns recreos: sempre que exista dispoñibilidade horaria por parte da profesora e o alumnado, realizaranse ensaios nos recreos co alumnado voluntario que queira participar.

Os rapaces/as que participan nestas actividades o fan de forma voluntaria e altruista, sen esperar ningún beneficio a cambio, e sempre con espírito solidario e de traballo en equipo. Poderá participar nesta actividade todo o alumnado que o desexe sempre que se comprometa a asistir aos ensaios. O alumnado que participe actuará nos festivais e noutros concertos que poidan xurdir, sempre que a dispoñibilidade do profesorado e dos rapaces sexa posible. Esta actividade deixará de facerse se o alumnado non responde como é debido e falta aos ensaios programados. A participación nestas actividades será voluntaria por parte do alumnado, nunca obrigatoria, e non contará para cómputo como nota global, índa que se terá en conta aos alumnos que participen.

6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 6º de Grao Profesional

6.1.1 OBXECTIVOS

- Coñecer as técnicas básicas de estudo (organización, memoria, concentración, relaxación, etc.) e favorecer a súa automatización para aproveitar mellor o tempo dedicado ao estudo diario.
- Coñecer as prácticas interpretativas por medio das fontes sonoras e escritas axeitadas, para abordar a interpretación do repertorio consonte os estilos interpretativos da música occidental.
- Adquirir o hábito de escoitar música ampliando a súa cultura musical, para alcanzar unha base sólida que lle permita ao alumnado diversificar as súas preferencias musicais.
- Valorar a interpretación a través da propia execución con vistas a extraer conclusións obxectivas que melloren a súa calidade.
- Realizar un traballo relacionado co repertorio e a evolución organolóxica do instrumento ou calquera dos puntos pertencentes aos contidos.

6.1.2 CONTIDOS

INTERPRETACIÓN:

- - Definición e conceptos básicos.
- - Estética e filosofía do intérprete.
- - Propiedades estéticas e influencias.
- - Actitude crítica ante as interpretacións propias e alleas. Coñecemento das normas de actuación convencionais nos acontecementos musicais, como intérpretes e como oíntes.

ESCOLAS INTERPRETATIVAS:

- - Definición
- - Evolución das diferentes escolas e sistemas pedagóxicos.
- - Diferentes escolas, características e figuras representativas.
- - Estudio comparativo da interpretación nas diferentes escolas.

COÑECEMENTO CORPORAL:

- - Definición e breves apuntes xerais.
- - Aplicación á musica.
- - Anatomía do interprete.
- - Concentración e respiración.
- - Hábitos posturais.

MEDO ESCÉNICO:

- - Definición e nocións básicas.
- - Técnicas de relaxación.
- - Conxecturas persoais do alumno.

ELAVORACION DUN METODO DE TRABALLO E RUTINAS DE ESTUDO:

- - Organización do traballo diario.
- - Exercicio progresiva da memoria.
- - Realización de traballos relacionados co repertorio e a evolución organolóxica do instrumento ou calquera dos puntos pertencentes aos contidos. (Información contida no Anexo ao traballo da materia).

AUDICIONS COMPARATIVAS DE DIFERENTES INTERPRETES, ESCOLAS E ESTILOS MUSICAIS:

- - Audición activa do repertorio.
- - Coñecementos das fontes audiovisuais e escritas dos interpretes mais relevantes.
- - Audicións comparadas.

6.1.3 AVALIACIÓN

A valoración do progreso na aprendizaxe dos alumnos e alumnas efectuarase en sesións de avaliación ó remate de cada trimestre. Para emitir as cualificacións correspondentes, o profesor empregará as seguintes ferramentas de avaliación:

- Asistencia e traballo diario.

- Exames ou cuestionarios.
- Traballo final.

Criterios de avaliación

- Realizar comentarios críticos ante interpretacións dunha mesma obra por parte de agrupacións diferentes. Este criterio avalía o proceso de evolución crítica do alumnado co obxecto de reflexionar sobre as características interpretativas dunha execución musical.
- Comentar os aspectos interpretativos dunha partitura ante as súas diversas audicións. Con este criterio preténdese medir a capacidade do alumnado para comprender as aproximacións que se deron e se dan ante a partitura, ben como medio ou ben como fin.
- Amosar unha actitude positiva e de participación ante os traballos e as audicións propostas. O traballo ou traballos terán que cumprir os requisitos especificados no Anexo que cumprimenta esta programación. Mediante este criterio preténdese avaliar o grao de participación do alumnado, así como o seu interese na clase.
- Xulgar as interpretacións propias e alleas. Mediante este criterio búscase avaliar a capacidade crítica do alumnado ante as propias interpretacións, así como ante as doutros intérpretes.
- Comentar análises interpretativas realizadas mediante as tecnoloxías máis recentes neste campo. O alumnado introdúcese na análise interpretativa de xeito visual, por medio das tecnoloxía adecuadas, e pode percibir unha interpretación dada en comparación co texto para aplicar ao seu propio progreso como músico.

Mínimos esixibles

- Aprobar os exames ou cuestionarios de cada trimestre ou o exame final.
- Entregar un traballo final de curso con presentación pública.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A valoración do progreso na aprendizaxe dos alumnos e alumnas efectuarase en sesións de avaliación ó remate de cada trimestre. Para emitir as cualificacións correspondentes, o profesor empregará as seguintes ferramentas de avaliación:



PONDERACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Criterio	Ponderación		
	1	2	3
60% <i>Correcta interpretación do repertorio do curso</i> 30% Capacidade técnica, Calidade do son. Respecto polas indicacións da partitura			
15% Fluidez, Tempo, respiracións, encadeamento entre movementos e capacidade para manter un pulso estable e interpretar con precisión rítmica.			
15% Capacidade expresiva. Musicalidad			
10% <i>Actitude e asistencia a clase.</i>			
20% <i>Concertos, Audicións e participación en actividades do departamento</i>			
10% <i>Caderno de clase. Seguemento e cumprimento dos obxectivos da clase e regularidade no estudo semanal. Hábitos de estudo.</i>			
Total			
Nota ponderada			





Lista de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais				
Texto: <ul style="list-style-type: none">• Dificultade da obra• Fidelidad a partitura• Memoria	20%			
Ritmo: <ul style="list-style-type: none">• Precisión• Exactitude rítmica• Tempo	20%			
Musicalidade: <ul style="list-style-type: none">• Estilo• Expresión• Fraseo• Carácter• Posta en escena	30%			
Técnica: <ul style="list-style-type: none">• Articulación• Son• Afinación• Respiración• Posición corporal• Pedal• Dixitación	30%			
Resultado final do cotexo				





Criterios de Avaliación Homoxeneizados					
Traballo Persoal		Actitude		Audicións – Grao de consecución do repertorio	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula	Actitude de aprendizaxe / Hábitos de estudo	Comportament o Asistencia Puntualidade	Públicas	De aula
60%		20%		20%	
Rexistros					
Libro do Profesor	Lista de Cotexo	Libro do Profesor		Lista de Cotexo	

Criterios de cualificación

- Realizar comentarios críticos ante interpretacións dunha mesma obra por parte de agrupacións diferentes. Este criterio avalía o proceso de evolución crítica do alumnado co obxecto de reflexionar sobre as características interpretativas dunha execución musical.
- Comentar os aspectos interpretativos dunha partitura ante as súas diversas audicións. Con este criterio preténdese medir a capacidade do alumnado para comprender as aproximacións que se deron e se dan ante a partitura, ben como medio ou ben como fin.
- Amosar unha actitude positiva e de participación ante os traballos e as audicións propostas. O traballo ou traballos terán que cumprir os requisitos especificados no Anexo que cumprimenta esta programación. Mediante este criterio preténdese avaliar o grao de participación do alumnado, así como o seu interese na clase.
- Xulgar as interpretacións propias e alleas. Mediante este criterio búscase avaliar a capacidade crítica do alumnado ante as propias interpretacións, así como ante as doutros intérpretes.
- Comentar análises interpretativas realizadas mediante as tecnoloxías máis recentes neste campo. O alumnado introdúcese na análise interpretativa de xeito visual, por medio das tecnoloxía adecuadas, e pode percibir unha interpretación dada en comparación co texto para aplicar ao seu propio progreso como músico.



- Realizarase, ao menos, una proba anual de **calibración**, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente. Segundo o artigo 2o das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

A proba constará dun único exercicio:

Traballo escrito. Presentación dun traballo escrito (en formato electrónico), cunha extensión non inferior a 20 follas, sobre algún contido relacionado na programación. Será obrigatoria a exposición pública do mesmo. As características do traballo e da súa exposición atópanse no **ANEXO** da presente programación. Para calquera outra dúbida, consultar có mestre da materia.

Probas extraordinarias de setembro

A proba constará dun único exercicio:

Traballo escrito. Presentación dun traballo escrito (en formato electrónico), cunha extensión non inferior a 20 follas, sobre algún contido relacionado na programación. Será obrigatoria a exposición pública do mesmo. As características do traballo e da súa exposición atópanse no **ANEXO** da presente programación. Para calquera outra dúbida, consultar có mestre da materia.

6.1.5 Recursos didácticos

O alumno/a recibe unha clase de percusión semanal individual de 60 minutos. Estes 60 minutos están organizados de forma similar en cada unha das clases para o ensino de cada unha das materias curriculares (caixa, marimba, batería, timbais e set-up), ademais dalgúns exercicios de quentamento e estirada.

Para o desenvolvemento efectivo das clases non é necesario máis que o uso da propia aula de percusión, a cal debe ser dunhas dimensións mínimas para poder utilizar todos e cada un dos instrumentos de percusión. No caso das actividades extra-académicas, pode cumprir o uso doutros espazos do centro, como a biblioteca, as aulas de audiovisuais ou de

informática, o auditorio do centro, etc... Polo que será necesario coordinar os horarios de utilización dos mesmos, co fin de que as actividades programadas poidan desenvolverse sen contratemplos.

Os materiais necesarios para desenvolver esta programación didáctica son:

- Instrumentos da aula de percusión (marimba, caixa, batería, dous timbais e diversos instrumentos para set-up).
- Partituras e métodos (especificados na secuenciación do currículo).
- Reprodutor de audio e/ou vídeo para ver/oír as propias gravacións, e incluso ver outras doutros compañeiros/as ou grandes intérpretes. Gravadora de audio ou cámara de vídeo para as posibles gravacións particulares, co posterior análise e debate na clase.
- Recursos auxiliares da aula: lousa, metrónomo, bandexas, claves para regular a tensión das membranas.
- Atrís, tallos e unha mesa.
- Bibliografía e discoteca básica específica de percusión.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O departamento de percusión reunirse polo menos unha vez ao mes para coordinar, valorar e revisar o correcto desenvolvemento da programación.

No período de actividades, o departamento reuniranse antes da súa realización para a súa correcta coordinación. Durante a realización das actividades os membros do departamento revisarán o desenvolvemento das actividades, tomando as decisións adecuadas para o correcto desenvolvemento do programa, se as houbera e sempre dun xeito equitativo. Ao remate das actividades, o departamento valorará o desenvolvemento das mesmas facendo una valoración dos aspectos positivos, negativos e aportacións para o seu exitoso desenrolo no seguinte curso escolar. Ao finalizar o curso escolar, o departamento elaborará unha memoria onde reflexarase todas estas cuestións.

Para desenvolver este apartado seguiremos dúas liñas de avaliación complementarias que afectan ao momento en que se realizará a avaliación:

A avaliación **inicial** é a realizada ao comezo do curso co fin de detectar o nivel dos alumnos/as en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos. A información obtida permitiranos adaptar os novos contidos, os materiais e as actividades a ao realidade do noso alumnado, asegurando unha asimilación axeitada.

A aplicación dunha avaliación **continua** é a levada a termo durante o desenvolvemento de cada clase, confirmando tanto a madurez e o grao de adquisición das capacidades previstas, como as dificultades atopadas no proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación permitiranos axeitar os contidos, as estratexias de ensino e aprendizaxe ou o repertorio, atendendo ás diversas peculiaridades observadas. A súa virtude é a de axudarnos a valorar o grao de adquisición dos contidos de forma progresiva segundo os imos abordando ao longo dun período aberto de tempo.

A avaliación final ou **sumativa**, deberemos considerala dun gran importancia porque non é suficiente que o alumno comprenda o que ten que facer, senón que ten que ser capaz de aplicalo á interpretación dos diferentes instrumentos de percusión, que se desenvolve progresivamente en período amplo de tempo. Debido á necesidade de emitir unha cualificación trimestral dos nosos alumnos, nos propoñeremos dous tramos de tempo para a aplicación deste tipo de avaliación sumativa: ao final do trimestre e ao final do curso na que situaremos probas específicas, segundo se recollen no apartado Procedementos e Instrumentos de avaliación.

A avaliación **final** é moi útil ao termo de cada clase, e non só co fin de avaliar ao alumno/a, senón como fonte de información para a adecuación das propias clases.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

.....
O Departamento de Percusión reunirase polo menos unha vez ao trimestre para realizar a avaliación interna. Esta avaliación non se debe cingir á consecución dos obxectivos marcados, senón que debe ser unha constante valoración do estado do proxecto en todos os aspectos:

- O equipo de profesores está igualmente motivado e comprometido co proxecto?
- Estanse a cumprir os prazos fixados para cada tarefa?
- Seguen tendo validez os obxectivos marcados?
- A meta final é alcanzable?

Estas e outras preguntas referentes ao proceso de avaliación interna son preguntas que o equipo debe ter presentes en cada unha das fases de desenrolo do programa para poder detectar ou mesmo prever os problemas en tempo e actuar en consecuencia.

Este feedback constante resulta tamén de utilidade para, unha vez rematado o programa, valorar os resultados en perspectiva e obter as conclusións do departamento de cara a proxectos futuros.

Teremos en conta os seguintes factores para levar a cabo esta avaliación interna:

- Os obxectivos final e específicos acadados en relación aos esperados.
- Os valores fixados inicialmente para o departamento e o obxectivo xeral do proxecto.
- O traballo, motivación, aportes e compromiso co proxecto por parte do departamento.
- As capacidades e actitudes de todos os membros do departamento.
- A distribución de tarefas.
- A interacción e cohesión do equipo durante todo o proceso, tanto entre sí coma co entorno.
- As liñas estratéxicas establecidas para a implementación do programa.
- As actividades implementadas para a consecución dos obxectivos
- O enfoque de traballo empregado
- Os recursos materiais e humanos empregados.
- A capacidade de adaptación do departamento e os seus membros aos cambios.
- O grao de satisfacción e de participación de todos os axentes implicados dalgunha maneira no programa.

Estas cuestións trataranse nas reunións departamentais do departamento.

9. ANEXOS

▪ BIBLIOGRAFÍA:

- - Burton, Anthony (Editor). A performer's guide to music of the Baroque Period. The Associated Board of the Royal Schools of Music. 2002.
- - Burton, Anthony (Editor). A performer's guide to music of the classical Period. The Associated Board of the Royal Schools of Music. 2002.
- - Burton, Anthony (Editor). A performer's guide to music of the Romantic Period. The Associated Board of the Royal Schools of Music. 2002.
- - Comellas, Jose Luis. Historia sencilla de la música. Rialp Ediciones. 2008.
- - Dalia, Guillermo. Como superar la ansiedad escénica en músicos. Mundimúsica Ediciones. 2004.
- - Dalia, Guillermo. Como ser feliz si eres músico o tienes uno cerca. Mundimúsica Ediciones. 2008.
- - Dalia/Pozo. El músico (Una introducción a la Psicología de la interpretación musical). Mundimúsica Ediciones.
- - Fubini, Enrico. La estética musical desde la antigüedad hasta el siglo XX. Ed.Cast. Alianza Editorial, S. A. Madrid, 2002.
- - Lord, Maria y Snelson, John. Historia de la música desde la antigüedad a nuestros días. Editorial h.f.ullman. 2008.
- - Levitin, Daniel J. Tu cerebro y la música. El estudio científico de una obsesión humana. RBA Divulgación. 2008.
- - MacClintock, Carol. (Editora). Readings in the history of music in performance. Indiana University Press. 1982.
- - Muffat, Georg. On performance Practique. Indiana University Press. 2001.
- - Rink, John (Editor). La interpretación musical. Alianza Editorial. Ed. Cast. Alianza Editorial, S. A. Madrid, 2006.

9.1 Probas Extraordinarias

▪ PROBAS EXTRAORDINARIAS:

A proba constará de un único exercicio:

Presentación dun traballo escrito (en formato electrónico), cunha extensión non inferior a 20 follas, sobre algún contido relacionado na programación. Será obrigatoria a exposición pública do mesmo. As características do traballo son as seguintes:

TRABALLO ESCRITO:

Para a materia de interpretación será necesario presentar un traballo escrito, cunha extensión aproximada de vinte páxinas escritas por unha soa cara. O traballo será de temática libre, pero acordada có mestre da materia. Versará sobre algún contido incluído na programación.

Normas de presentación

- Extensión: en torno a 20-25 páxinas por unha soa cara. Deberá incluír unha portada e un índice que quedarán excluídos do número de páxinas. Na portada deberá figurar o título do traballo así coma o nome completo do alumno, o título da materia, o ano académico e a especialidade instrumental.
- Tipo de letra: Arial ou calibri.
- Tamaño de letra: 12. No caso de títulos ou seccións pódese empregar outro tamaño pero nunca superior a 18. Tamén está permitido empregar en calquera momento cursivas, negrita ou subliñado. Exclusivamente na páxina do título pode empregarse outro tamaño de letra e outro tipo do estipulado para o texto normal.
- Formato: o texto debe estar xustificado por ambos marxes. No caso dos títulos está permitido a aliñación central ou á esquerda. Os marxes serán de 2, 5 en dereita e esquerda e 3 arriba e abaixo. O espazado será dobre.
- Data límite: a data límite para entregar os traballos por escrito será comunicada coa suficiente antelación.

O traballo deberá estar encadernado. Pode facerse en formato de espiral, canutillo ou chanell. Ó final do traballo deberá aparecer unha reflexión crítica sobre o mesmo que versará sobre o que nos aportou a redacción do mesmo, dificultades que atopamos, e todo aquilo que libremente queiramos incluír. Este apartado non contabilizará para as vinte páxinas.

Valorarase positivamente a inclusión de cadros, gráficas, etc. que contribúan a exemplificar, clarificar ou ampliar o texto. Non deben ser simplemente elementos superfluos ou repetitivos.

Valorarase positivamente a claridade de ideas e a corrección na redacción do texto. O emprego de bibliografía e a alusión á mesma no texto será un elemento que será altamente valorado. Deberá poñerse o título do libro, revista, etc. en letra pequena ó final de cada páxina onde apareza unha cita. Cando citeamos literalmente, debemos facelo en letra cursiva.

Presentación en PowerPoint do traballo.

A presentación terá unha duración aproximada de 30 minutos dos cales 20 ou 25 serán empregados para a exposición e 5 ou 10 para abrir un turno no que se poderán formular preguntas por parte de calquera dos asistentes á presentación. Obrigatoriedade a proxección en PowerPoint deberá ser entregada en formato CD xunto coa parte escrita. Para calquera outra dúbida, consultar có mestre da materia.